

Afectividade e Familia

A familia (pai, nai, irmáns, e outros familiares que convivan) e, sobre todo, as relacións existentes entre os seus membros son os elementos clave do desenvolvemento afectivo de calquera neno. Para lograr que estes elementos e relacións afecten de xeito positivo á afectividade do neno, cómpre propoñerse o obxectivo de crear un clima familiar caracterizado pola **seguridade**, a **serenidade** e a **responsabilidade** que encamiñe aos nenos pouco a pouco cara á consecución dunha maior autonomía persoal.

Na sociedade actual, aos pais resúltanos difícil acadar estes obxectivos. E a seguridade, a serenidade e a responsabilidade que deberíamos transmitir aos nosos fillos trócanse, por imitación e transmisión, en medos, histerias, irresponsabilidades, paternalismos...

Para achegarse a este obxectivo esencial para o equilibrio da infancia, deberíamos ter en conta as reflexións seguintes :

①.- **Buscar un ambiente sereno e comprensivo:** Que o trato que reciba o neno sexa sereno, tranquilo, e a ser posible sen "estridencias". Esta serenidade debe manterse, a ser posible, en todas as situacións nas que o neno se atope presente (xesticulando e berrando non se arranxan os problemas...). Comprensividade, no senso de proporcionarlle a seguridade de que en todo momento será escoitado, e de que atopará uns pais que intentarán comprender aquilo que pretende ou os seus erros.

②.- **Os nenos, desde pequenos, deben ter "responsabilidades" que cumprir no ámbito familiar:** Moitas veces o "coidado" dos fillos convértese en superprotección, e os nenos rematan desempeñando o papel de "moneco" ou de "tirano". É máis frecuente do desexable atoparnos con nenos que "van mal na escola", que "pelexan continuamente", "que hai que darlles de comer", "que non queren comer...", "que non recollen os xoguetes despois de xogar", "que non obedecen", "que queren facer o que lles dá a gana",... Para que os nenos non exerzan de "tiranos" e acepten aos demais como iguais, cómpre que no ámbito familiar teñan un papel que cumprir (xa desde os tres anos pode comezar a asumir pequenas responsabilidades como recoller os xoguetes cando xoga, axudar a poñer a mesa, poñer a roupa lixada no seu sitio, etc), aumentando as esixencias e responsabilidades progresivamente coa idade. Así, ademais de evitar que exerza de "tirano", estaremos preparando o noso fillo para a vida e para que se sinta membro activo e útil nun núcleo onde todos teñen unhas funcións, e favoreceremos o seu equilibrio afectivo e a súa autoestima.

③.- **O trato “por igual” aos fillos:** Entendendo isto, polo menos mentres son nenos, en proporcionarlle a cada un aquilo que necesita e que se atopa “incapacitado” para obter de si mesmo. Desde moi pequenos, os nenos “danse conta” do trato de favor que os pais poden dar a un determinado fillo. Se se dá este caso, os pais deben explicar ao neno o por que do xeito máis claro posible.

④.- **“Os coidados” no nacemento dun novo irmán:** Moitos nenos presentan “celos” cando na familia aparece un novo irmán. Débese a que o “centro” da vida familiar trasládase bruscamente do irmán maior ao neonato, ou polo menos así o percibe o neno. Isto que nun principio pode parecer normal, non ten por que ocorrer necesariamente xa que o recente nacido non percibe se é o centro ou non, polo que pode recibir as “repetidas” mostras de cariño cando o outro neno non estea presente. Cando uns pais teñen un segundo fillo tendo o maior entre un e medio e cinco ou seis anos, deberían gardar as seguintes “precaucións” para non favorecer a aparición dunha celopatía:

a) Non desprazar ao fillo maior do centro de atención familiar, compensando o que outras persoas leven a cabo mediante regalos, “piropos”, etc, propios dos bebés. Insistindo sempre en que o maior ten “todo” o do seu novo irmán.

b) Non expresar unilateralmente cara ao bebé as mostras de cariño e coidado, polo menos cando o irmán maior se atope presente.

⑤.- **O paternalismo como actitude dos pais:** Nunha sociedade con tantos perigos reais como a nosa, é fácil que os pais “inventemos” outros para estar continuamente exercendo de “padrazos”. Isto ten efectos negativos na vida afectiva dos nenos, e poderían evitarse se os pais reflexionamos cos nosos fillos xa dende pequenos sobre as cousas que poden e as que non poden facer por si mesmos. Non debemos impedir que realicen ou executen actividades, pero si axudarles en caso necesario e animalos a facer as cousas que podan sen axuda dos demais. Tamén así mellorarán a autonomía persoal e elevarán o nivel de autoestima.

⑥.- **Os premios e os castigos:** Deben ser desterrados os premios e os castigos do ámbito familiar, na medida do posible. Desde ben pequenos, os nenos deben asumir obrigatoriamente as consecuencias das súas faltas e erros. Hai que facerlles ver que non se trata dun castigo senón da consecuencia da súa actividade, e desde logo, en ningún caso se deberían de poñer castigos que non teñan nada que ver co realizado polo neno. Con respecto aos premios, deberían substituírse por felicitacións e actitudes claramente positivas cara as accións que merezan a nosa aprobación.

⑦.- **A rixidez e a flexibilidade das normas :** Os pais deben ter establecidas

unha serie de normas que regulen as actividades dos fillos. Estas normas deben ser o máis claras e simples posible, e sobre todo, a súa aplicación debера combinar a rixidez coa flexibilidade en función das condutas dos nenos.

⑧.- **Os fillos de pais "separados" ou "divorciados"**: Entre as actitudes dos pais separados cara aos fillos para conseguir un certo equilibrio afectivo e compensar dalgún xeito os posibles aspectos negativos que unha situación como esta sempre ten, recoméndase :

a) Non ter actitudes negativas cara ao outro cónxuxe , polo menos mentres os fillos estean presentes, de xeito que os fillos observen sempre o respecto necesario cara o mesmo.

b) Débense xustificar, sempre que sexa posible, todas as condutas do outro cónxuxe que os fillos consideran inapropiadas , e en xeral, relativizar a información que o neno lle proporcione do outro cónxuxe, e xustificar as accións que o neno enumera ou conta.

c) Ser "inflexible" con respecto á estancia e/ou contacto dos nenos co cónxuxe que non vive no propio domicilio. É moi importante que os fillos de pais separados teñan contacto (aínda que sexa telefónico), o máis continuo posible, co cónxuxe que vive fóra do domicilio, que eses contactos estean programados de antemán e que o neno saiba cando se van producir, ou cando se van suspender por calquera causa.

d) Débense compensar os sentimentos de inseguridade nos nenos polo cónxuxe que non vive no mesmo domicilio. Débese proporcionar aos nenos seguridade en todas e cada unha das cousas que fan. Débese conversar cos nenos serenamente sobre os seus medos e ansiedades, tentando demostrarlles en todo momento que son seus pais igual ca antes da separación e que poden acudir a eles na mesma medida ca antes.

e) Débese explicar aos fillos a situación do xeito máis claro e sinxelo posible, sen entrar en detalles e "culpabilidades".